



ANEXO VIII - DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PRTR-
NEXTGENERATIONEU

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

DNI/NIF/CIF/NIE	Nome e apelidos/razón social	Data nacemento
-----------------	------------------------------	----------------

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

DNI/NIF/CIF/NIE	Nome e apelidos/razón social
-----------------	------------------------------

INFORMACIÓN SOBRE A ACTUACIÓN NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Identificación da actuación	Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
Compoñente do PRTR a que pertence a actividade	Compoñente 2 CO2. Implementación da Axenda urbana española: Plan de Rehabilitación e Rexeneración urbana
Medida (reforma ou investimento) da compoñente PRTR a que pertence a actividade, indicando, se é o caso, a submedida	C02.I01 Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais
Etiquetaxe climática e ambiental asignada á medida (reforma ou investimento) ou, se é o caso, á submedida	025 bis Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxecto de demostración e medidas de apoio conforme os criterios de eficiencia enerxética

No desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na compoñente CO2. Implementación da Axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana,

DECLARA:

Coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes puntos do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia:

1. A letra d) do punto 2: «solicitar, para os efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar buscas e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas dos datos seguintes:

- o nome da persoa perceptora final dos fondos;
- o nome da persoa contratista e da subcontratista, cando a persoa perceptora final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- os nomes, apelidos e datas de nacemento das persoas titulares reais da perceptora dos fondos ou da contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- unha listaxe de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Punto 3: «Os datos persoais mencionados no punto 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, punto 2, e 23, punto 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Consonte o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos citados artigos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA _____, A _____ DE _____ DE 2024

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE MARÍN

